


# PLAN DE ACOSO ESCOLAR.



CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

CURSO 2021-2022

**PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE SITUACIONES DE ACOSO ESCOLAR.**

**1. PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR.**

**2. ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E DE PREVENCIÓN.**

**2.1. NO CENTRO.**

**2.2. NA AULA.**

**3. DETECCIÓN DO ACOSO ESCOLAR.**

**3.1. DEFINICIÓN DE ACOSO ESCOLAR.**

**3.2. CRITERIOS DE IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR.**

**3.3. TIPOS DE ACOSO.**

**3.4. MANIFESTACIONES DE ACOSO.**

**3.5. CONSECUENCIAS DO ACOSO ESCOLAR.**

**4. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN.**

## **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE SITUACIONES DE ACOSO ESCOLAR.**

### **1. PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR.**

A posta en marcha de medidas para a prevención de situacións de violencia escolar no centro educativo parte dun diagnóstico da situación da convivencia escolar no centro. Unha vez coñecidos estes datos, establecemos actuacións dirixidas a unha prevención máis adecuada no noso centro.

Estas estratexias de prevención estarán incluídas no Plan de Convivencia do centro así como nas Normas de Organización e Funcionamento (NOFC), dentro do marco do Proxecto Educativo, para favorecer a convivencia no centro.

A prevención formularase dende varios niveis:

- ✓ Prevención inespecífica, asumida de xeito amplo pola comunidade educativa no marco xeral da convivencia do centro.
- ✓ De atención específica, intervindo directamente co alumnado e coas familias implicadas en situacións de acoso escolar.
- ✓ De asesoramento e apoio técnico especializado para tratamentos máis específicos.

As medidas preventivas irán encamiñadas a:

- ✓ Fomentar o desenvolvemento social do alumnado e o avance da institución escolar no seu conxunto.
- ✓ Incluírse nos documentos internos do centro que correspondan.
- ✓ Levarse a cabo de xeito coordinado polos equipos docentes, co liderado do equipo directivo e o apoio do departamento de orientación.
- ✓ Transmitirse a todos os sectores da comunidade educativa.

### **2. ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E DE PREVENCIÓN.**

#### **2.1. NO CENTRO.**

## PLAN DE ACOSO ESCOLAR. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO.

- ✓ Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- ✓ Potenciar o funcionamento da comisión de convivencia do centro.
- ✓ Desde o equipo directivo, fomentar a comunicación dos posibles problemas que poidan xurdir.
- ✓ Solicitar o apoio e o asesoramento do orientador/a ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- ✓ Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar acción conxuntas para a mellora da convivencia do centro. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- ✓ Impulsar estratexias de tratamento e resolución de conflitos.
- ✓ Posibilitar a creación de comisións de investigación, compostas por alumnado e profesorado, sobre problemáticas relacionadas con situacións de violencia escolar.
- ✓ Difundir á comunidade educativa, a través de diferentes medios, o Plan de Convivencia e as NOFC do centro.
- ✓ Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- ✓ Organizar grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- ✓ Fomentar a inclusión e o respecto á diversidade.
- ✓ Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos niveis o desenvolvemento de todas as competencias clave, en especial as competencias sociais e cívicas.
- ✓ Rexistrar os conflitos que se produzan no centro, e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- ✓ Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias aquelas orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- ✓ Facilitar os protocolos de información ante unha situación de acoso.
- ✓ Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións, taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda...
- ✓ Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...
- ✓ Mellorar as zonas de ocio, organizar grupos de xogo...

# PLAN DE ACOSO ESCOLAR.

## CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO.

- ✓ Introducir estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- ✓ Crear as condicións favorables para a inserción de programas de mellora de convivencia: programas específicos de mediación e resolución de conflitos, axuda entre iguais...
- ✓ Promover encontros, conferencias e obradoiros para toda a comunidade educativa orientados á construción dunha convivencia positiva.
- ✓ Elaborar orientacións sobre a prevención e resolución de conflitos:
  - Profesorado: elaboraión de materiais e documentos, protocolos de actuación.
  - Familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia.
  - Alumnado: técnicas de resolución pacífica de conflitos.

### 2.2. NA AULA.

- ✓ Incluir no Plan de Acción Titorial a elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros/as, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento de todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento de normas.
- ✓ Realizar actividades de titoría programadas no grupo referidas a: relacións de grupo, fomento de amizade, tarefas colaborativas, sensibilización fronte ao maltrato, promover a empatía emocional, ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as, conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais entre o alumnado do último curso...
- ✓ Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconñecemento que capaciten ao alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos: educando para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto, exercitando técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración, desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións...
- ✓ Utilizar sesións de titoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.

- ✓ Manter a través da acción tutorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.
- ✓ Seguimento do clima de relacións da aula.
- ✓ Para permitir unha verdadeira prevención, é prioritaria a concienciación do maior número de membros da comunidade educativa respecto de dous aspectos:
  - Conseguir a comprensión o máis obxectiva posible do fenómeno de acoso.
  - Crear unha conciencia colectiva das normas de convivencia que todo membro da comunidade educativa debe cumprir.

### 3. DETECCIÓN DO ACOSO ESCOLAR.

#### 3.1. DEFINICIÓN DE ACOSO ESCOLAR.

Considérase acoso escolar, calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro/a ou outros/as, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicológico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través dos medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

#### 3.2. CRITERIOS DE IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR.

Para considerar un comportamento como acoso escolar deben cumprirse 3 criterios diagnósticos, que se producirán simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Os criterios son a intención de facer dano, a repetición das condutas e a duración no tempo.

1. <b>A intención</b> de facer dano.	Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha agresora que lle fai dano conscientemente.

## PLAN DE ACOSO ESCOLAR. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO.

<p>2. <b>A repetición</b> das condutas agresivas.</p>	<p>A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.</p> <p>Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente.</p> <p>Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.</p> <p>É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, mentres que o alumnado ten coñecemento dos sucesos.</p>
<p>3. <b>A duración</b> no tempo.</p>	<p>Establécese un esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora.</p> <p>Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. Son situacións de desigualdade e de indefensión para a vítima.</p> <p>Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.</p>

### 3.3. TIPOS DE ACOSO.

Para poder indentificar unha situación de acoso é necesario coñecer tanto as súas formas como as súas consecuencias.

Respecto das formas de acoso, temos que ter presentes manifestacións de maltrato verbal (insultos, alcumes, desprestixio...) como físico contra a persoa ou os seus obxectos persoais.

Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación, tales como ameazas, chantaxes, roubos, situacións de illamento...

## PLAN DE ACOSO ESCOLAR. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO.

De xeito esquemático podemos considerar os seguintes tipos ou manifestacións de acoso:

<b>Tipos de acoso</b>	<b>Modalidade de acoso</b>	<b>Manifestación</b>
Exclusión e marxinação social.	Activa.	Non deixar participar.
	Pasiva.	Ignorar.
Agresión verbal.	Directa.	Insultar, poñer alcumes
	Indirecta.	Falar mal de alguén ás súas costas.
Agresión física.	Directa.	Pegar.
	Indirecta.	Agachar, romper ou roubar.
Maltrato.	Mixto.	Ameazar para meter medo. Ameazar con armas. Obrigado a facer algo con ameazas (chantaxe).
	Acoso sexual físico.	Actos.
	Acoso sexual verbal.	Comentarios.

### 3.4. MANIFESTACIÓNS DE ACOSO.

Algunhas destas manifestacións de acoso poden exercerse a través das novas tecnoloxías, no centro educativo, na aula, nas entradas e nas saídas, no exterior do centro educativo.

<b>A través das TICS</b>	Teléfonos móbiles, mensaxes ofensivas, intimidatorias ou non desexadas. Redes sociais, correos electrónicos, uso de imaxe sen permiso...



# PLAN DE ACOSO ESCOLAR.

## CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO.

<b>No centro educativo, na aula, nas entradas e saídas</b>	Mentres o profesorado explica, nos cambios de clase, nos corredores, nos aseos, no recreo...
<b>No exterior do centro educativo</b>	Cando van para casa, na rúa, con persoas alleas ao centro...

### 3.5. CONSECUENCIAS DO ACOSO ESCOLAR.

A posibilidade de acoso escolar moitas veces manifestase no cambio de conduta da persoa que o está a sufrir, haberá que estar moi alerta, tanto no centro como na familia.

As consecuencias que poden reflectirse nunha situación de maltrato ou acoso entre iguais pode ser:

- ✓ Para a vítima: fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.
- ✓ Para a persoa ou persoas agresoras: poder ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención do poder baseada na agresión. O acoso entre escolares é empregado como unha forma de demostrar o seu poder.
- ✓ Para os/as compañeiros/as observadores: pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ante unha inxustiza.

### 4. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN.

O protocolo de actuación ten por obxecto que o profesorado do centro saiba como actuar nos posibles casos de acoso.

Fase primeira	Coñecemento, identificación e comunicación da situación.
Fase segunda	Recollida de información e rexistro.
Fase terceira	Análise da información e adopción de medidas.
Fase cuarta	Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

# PLAN DE ACOSO ESCOLAR.

## CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO.

Ademais hai unha serie de documentos e anexos para facilitar aos centros as distintas intervencións no desenvolvemento do protocolo.

### 1º fase

Coñecemento, identificación e comunicación da situación.  
Comunicación á dirección e rexistro da comunicación. **(Anexo 1).**

Designación dun responsable de atención á presunta vítima. **(Anexo 2).**  
Comunicación ás familias do alumnado implicado. **(Anexos 3 e 4).**  
Designación dun responsable das averiguacións previas. **(Anexo 5).**  
Comunicación a outros profesionais educativos e/ou axentes externos. **(Anexo 6).**

### 2º fase

Recollida de información e rexistro. **(Anexo 7).**

Entrevista individual á presunta vítima. **(Anexo 8).**  
Entrevista á persoa/s presuntamente responsable/s. **(Anexo 9).**  
Entrevista á persoa/s observadoras/ espectadoras. **(Anexo 10).**  
Entrevista ás familias implicadas. **(Anexos 11 e 12).**  
Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico: departamento de orientación **(Anexo 13)** e outros profesionais educativos e/ou axentes externos **(Anexo 14).**

### 3º fase

Análise da información e adopción de medidas. **(Anexos 15 e 16).**

Comunicación á dirección da información recadada.

## PLAN DE ACOSO ESCOLAR. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO.

Adopción de medidas educativas (con independencia do proceso corrector). Valorar si é ou non acoso escolar. Pautas no caso de non ser acoso escolar. Pautas no caso de ser acoso escolar (apertura de expediente se procede). Comunicación á inspección educativa.

Protección e apoio á presunta vítima. **(Anexo 16)**.

### 4º fase

Seguimento e avaliación das medidas adoptadas. **(Anexo 16)**

Medidas. Grao de consecución. Avaliación. **(Anexo 16)**

A persoa responsable da dirección do centro establecerá as medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre a protección da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Como medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:

- ✓ Vixilancia específica das persoas indicadas.
- ✓ Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- ✓ Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causantes da posible situación de acoso.
- ✓ Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- ✓ Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.